


Florence Hinckel

# Ó REVÉZ

Ilustrado por Clothilde Delacroix

Tradución e adaptación de Tais Rego



POETISA

POETA

ESTE LIBRO

☐ regaláronllo a

☐ gañouno

☐ mercouno

☐ atopouno



*Ás autoras, profesoras, escritoras,  
compositoras, filósofas, médicas, axentas,  
maxistradas, alcaldesas... e outros perigos mortais.*

*A Éliane Viennot, cuxas investigacións  
e obras me inspiraron moito.*

*E ás miñas benqueridas Pépettes!*



## Preámbulo

—Ai, papá, pero, de verdade? Teño mellores cousas que facer!

—Lea, pídocho porque é importante. Queres vivir toda a vida cun pano nos ollos?

—Non teño ningún pano nos ollos. Vexo moi ben!

—Xa veremos!


—Pero, por que? Teño unha chea de deberes que facer, e agora, aínda por enriba, isto!

—Faino por Tom.

—Por Tom?

–Si, pero por ti tamén. Se te fixas nalgunhas cousas importantes, viviredes mellor, tanto ti coma el.

–Bo, se é por Tom, entón... De acordo! Vou reflexionar sobre o lugar que ocupan as rapazas e os rapaces na sociedade. Veña! Pero xa verás como non vou descubrir nada doutro mundo...



*Dende tempos inmemoriais, os homes son os  
que se encargan das fillas e dos fillos.*





# 1

## Dende tempos inmemoriais

Para contentar o meu pai, reflexionei. A primeira cousa que me veu á cabeza foron os nomes que vemos por todos os lados dende que saímos da casa.

Na miña cidade, as rúas e os colexios teñen nomes de mulleres famosas: rúa Leonor López de Córdoba, avenida María Pita, praza Hipatia... E moitos máis nomes de mulleres que foron alcaidesas ou deputadas e que non coñezo. Aínda que tamén vexo algunhas rúas co nome de Eduardo Pondal ou avenida Galdós (xa sabedes, o amante de Emilia Pardo Bazán). Pero non hai moitas. Non é que sexa a

culpa dos homes. O que ocorre é que os coitados pasaron séculos e séculos encargándose das fillas e dos fillos, limpando a casa, cociñando, facendo a compra... E non se pode facer todo nesta vida. Non tiveron tempo para aprender, para crear, para inventar ou para construír cousas. Por iso, nos libros de historia ou de literatura, ou mesmo nos museos, non se ven por ningures nin se fala deles. Pero mamá di que, a pesar diso, poden estar orgullosos, xa que fan o máis bonito do mundo: criar as súas fillas e os seus fillos.

Dende tempos inmemoriais, os homes son os que se encargan das fillas e dos fillos. É algo normal e habitual, xa que as mulleres levan a bebé no seu ventre durante nove meses e logo, se queren, danlle o peito, e iso cansa moito. Como non se van ocupar eles da bebé o resto do tempo? É lóxico que para levar unha bebé duns dez quilos no colo ou nas costas en todo momento e en todos os lados, hai que estar forte.

Para carretar a compra ou para sacarlle brillo á casa de arriba abaixo pasa o mesmo. Agora ben, como xa sabe todo o mundo, os homes teñen máis forza física cás mulleres. Tamén semella que non se lles revolgen as tripas nunca. Isto sêrvelles para aguantar todas esas cousas noxentas que feden, como limpar a caca ou o vómito dunha bebé ou mesmo fregar os váteres. Deste xeito, as mulleres teñen tempo para poñer a súa intelixencia, a súa delicadeza e a súa finura á disposición da sociedade. Tal e como sucedía na Prehistoria, eran elas as que elaboraban as estratexias de caza e de supervivencia para o ben de toda a tribo. Algunhas expertas aínda o discuten, pero, que saberán elas? Acaso estiveron alí para ver como foi? Ou?

Por iso no meu país son as mulleres as que están ó mando. Algúns homes, que son listos coma un allo, si conseguiron chegar ó mesmo rango ca elas (aínda que nunca tivésemos un home presidenta do Goberno). Se reparamos na carga que levan ás costas ademais de atender o

fogar... Ten moito mérito! Para recompensalos polo seu esforzo adxudícanlles as consellerías que máis se axustan ás súas preocupacións e ás súas competencias. Polo tanto, temos unha conselleira home de Asuntos Familiares e outra na Consellería de Vivenda. Fano moi ben, e a presidenta semella estar contenta con eles.

Pero algunhas deputadas non se portan moi ben con eles. Ás veces, cando toman a palabra no Parlamento, elas non os escoitan, búrlanse da súa vestimenta ou berran coma animais. Vino na tele. Iso non está ben. Quizais o que dicían era interesante.